<ul style="list-style-type: none"> ▪ Analizar e realizar fotografías comprendendo e aplicando os fundamentos desta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar de xeito axeitado as linguaxes visual e audiovisual con distintas funcións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Diseña, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprender os fundamentos da linguaxe multimedia, valorar as achegas das tecnoloxías dixitais e ser capaz de elaborar documentos mediante este. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Emprega recursos dixitais para presentar un tema ou proxecto.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer lugares xeométricos e defínilos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Pon exemplos xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estudiar a construción de polígonos regulares coñecendo o lado e o radio 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Constrúe polígonos regulares de ata doce lados, coñecendo o lado e o radio

2.Avaliación e cualificación

Avaliación de alumnado con calificación positiva nos dous primeiros trimestres	<p><u>Procedementos:</u> Os procedementos de avaliación para os dous primeiros trimestres son os recollidos nas respectivas programacións didácticas e aplicados ata a finalización do 2º trimestre (13 de marzo). Para o alumnado cos dous primeiros trimestres superados proporánse no terceiro trimestre actividades de reforzo, recuperación, repaso e ampliación. Os procedementos de avaliación basearánse na presentación de láminas; realización de esquemas, lecturas comprensivas sobre a materia, visionado de vídeos, realización de presentacións interactivas, respostas dos Kahoots Na actualidade todo o alumnado de secundaria mostrou conectividade e capacidade de recepción de tarefas a través da plataforma de ensinanza utilizada polo centro. (Esemtia School).</p>
	<p><u>Instrumentos:</u> Os instrumentos de avaliación para os dous primeiros trimestres son os recollidos nas respectivas programacións didácticas e aplicados ata a finalización do 2º trimestre (13 de marzo). Para a avaliación das tarefas realizadas a partir desa data utilizaranse como instrumentos de avaliación para as tarefas telemáticas:</p> <ol style="list-style-type: none">1. A entrega dentro da data proposta da actividade (Proporánse actividades ou proxectos de xeito semanal cun prazo de entrega dunha semana ou quincenal)2. A correcta realización e presentación das actividades realizadas.3. A evolución persoal do alumno respecto aos trimestres anteriores;4. A autocorrección e detección de erros propios na posterior corrección unha vez recibida a solución da actividade e o seu sentido crítico e percepción do propio proceso de aprendizaxe a través das súas correccións e dos contactos telemáticos co profesorado. <p>Hai un moi baixo número de alumnos que, pese a estar recibindo as actividades pola plataforma do centro, amosa dificultades para o envío periódico das actividades que vai realizando. Neste caso faise un seguimento semanal da realización das tarefas por parte do alumno pero sen recepción das mesmas, de xeito que se activará a entrega, recollida ou envío desas tarefas no mes de xuño para poder facer un diagnóstico de aprendizaxe a través dos instrumentos establecidos.</p>
Cualificación final do alumnado con calificación positiva nos dous primeiros trimestres.	<p><u>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</u> A cualificación final obtense como media aritmética da cualificación obtida nos dous primeiros trimestres podendo ser mellorada hasta nun punto a través da realización das actividades propostas ao longo do terceiro trimestre. En ningún caso a cualificación final será inferior á media aritmética obtida nos trimestres anteriores.</p>

<p>Avaliación de alumnado con calificación negativa nos trimestres anteriores.</p>	<p><u>Procedementos:</u> Proporáanse no terceiro trimestre actividades de reforzo, recuperación, repaso e ampliación que abarcarán os contidos vistos ao longo do curso baseándose nos obxectivos mínimos e nas competencias básicas de etapa. Os procedementos de avaliación basearíanse na presentación de láminas; realización de esquemas, lecturas comprensivas sobre a materia, visionado de vídeos, realización de presentacións interactivas e Kahoots. Na actualidade todo o alumnado de secundaria mostrou conectividade e capacidade de recepción de tarefas a través da plataforma de ensinanza utilizada polo centro. (Esemtia School).</p> <p><u>Instrumentos:</u> Para a avaliación das tarefas realizadas a partir desa data utilizaranse como instrumentos de avaliación para as tarefas telemáticas: 1. A entrega dentro da data proposta da actividade (Proporáanse actividades ou proxectos de xeito semanal cun prazo de entrega dunha semana ou quincenal) 2. A correcta realización e presentación das actividades realizadas. 3. A evolución persoal do alumno respecto aos trimestres anteriores; 4. A autocorrección e detección de erros propios na posterior corrección unha vez recibida a solución da actividade e o seu sentido crítico e percepción do propio proceso de aprendizaxe a través das súas correccións e dos contactos telemáticos co profesorado. Hai un moi baixo número de alumnos que, pese a estar recibindo as actividades pola plataforma do centro, amosa dificultades para o envío periódico das actividades que vai realizando. Neste caso faise un seguimento semanal da realización das tarefas por parte do alumno pero sen recepción das mesmas, de xeito que se activará a entrega, recollida ou envío desas tarefas no mes de xuño para poder facer un diagnóstico de aprendizaxe a través dos instrumentos establecidos.</p>
<p>Cualificación final do alumnado con calificación negativa nos trimestres anteriores.</p>	<p>No caso do alumnado con calificación negativa nos trimestres anteriores, a súa calificación final non superará o 6. Esta calificación estará baseada nas tarefas realizadas ao longo do terceiro trimestre por vía telemática e nos criterios de avaliación especificados no apartado 1 cos instrumentos de avaliación propostos xa neste mesmo apartado.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Entrega en prazo. (20%) - Correcta realización e presentación. (40%) - Evolución persoal do alumno respecto aos trimestres anteriores. (20%) - Autocorrección. (20%) <p>No caso de alumnos que transmitisen a súa imposibilidade de envío telemático de tarefas, non se terá en conta o criterio de prazo de entrega, obtendo a calificación final por ponderación do resto de instrumentos de avaliación.</p>

<p align="center">Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>Aqueles alumnos que non logren superar os mínimos propostos para a materia serán avaliados en setembro a través da entrega dunhas láminas propostas na que se avaliarán os criterios e estándares especificados no apartado 1 baseándose nas actividades de reforzo, recuperación e repaso que se traballaron ao longo do terceiro trimestre.</p> <p>No caso de que as condicións sanitarias no permitan a presencialidade da entrega das láminas, estas serán entregadas por vía telemática a través da plataforma do centro.</p>
<p align="center">Alumnado con materias pendentes de cursos anteriores.</p>	<p><u>Criterios de avaliación:</u> Para os alumnos con materias pendentes de cursos anteriores, aplícaranse os mesmos criterios de avaliación que para os alumnos que cursan esa materia de maneira ordinaria tendo en conta o seu plan específico de recuperación.</p>
	<p><u>Criterios de cualificación:</u> A cualificación será obtida baixo os mesmos criterios que para o resto do alumnado, tendo tamén en consideración o plan específico de recuperación de cada alumno.</p>
	<p><u>Procedementos e instrumentos de avaliación:</u> O alumnado con materias pendentes de cursos anteriores será avaliado tendo en conta os mesmos procedementos e instrumentos de avaliación que o alumnado que cursa a materia de xeito ordinario pero facendo as tarefas de recuperación específico de cada alumno</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Presentación de láminas; realización de esquemas, lecturas comprensivas sobre a materia, visionado de vídeos, realización de presentacións interactivas, Kahoots
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Posto que todo o alumnado do centro mostrou conectividade, todos seguirán a mesma metodoloxía, coa única excepción da vía de entrega das tarefas pois nalgún caso excepcional, non teñen posibilidade de entrega telemática aínda que sí de recepción. A metodoloxía basearase na recepción do material educativo a través da plataforma educativa do centro (Esemtia School) e a conexión co profesorado a través das aulas virtuais da mesma plataforma. Buscarase a aprendizaxe autónoma do alumnado co seguimento periódico do profesorado.
Materiais e recursos	O principal recurso será a plataforma educativa do centro, ademais de recursos de elaboración propia, (Kahoots, tutoriais...) Blog específico da materia: http://plastica-art.blogspot.com/

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Por correos a través da plataforma educativa do centro (Esemtia School)
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: VIRXE MILAGROSA
CURSO: 3º ESO
MATERIA: FÍSICA Y QUÍMICA
DEPARTAMENTO: CIENCIAS
DATA: 5 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico.	FQB1.1.1. Formula hipóteses para explicar fenómenos cotiáns utilizando teorías e modelos científicos.
	FQB1.1.2. Rexistra observacións, datos e resultados de maneira organizada e rigorosa, e comunica oralmente e por escrito, utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresións matemáticas.
B1.2. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.	FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica coas aplicacións tecnolóxicas na vida cotiá.
B1.3. Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes e expresar os resultados co erro correspondente.	FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades, utilizando preferentemente o Sistema Internacional de Unidades e a notación científica para expresar os resultados correctamente.
	FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.
B1.4. Recoñecer os materiais e instrumentos básicos presentes no laboratorio de física e de química, e describir e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección ambiental.	FQB1.4.1. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.
B1.5. Interpretar a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.	FQB1.5.1. Selecciona, comprende e interpreta información salientable nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade. FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais.
B1.6. Desenvolver pequenos traballos de investigación en que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.	FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo aplicando o método científico, e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións. FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.

B2.1. Recoñecer que os modelos atómicos son instrumentos interpretativos de diferentes teorías e a necesidade da súa utilización para a interpretación e a comprensión da estrutura interna da materia.	FQB2.1.1. Representa o átomo, a partir do número atómico e o número máxico, utilizando o modelo planetario. FQB2.1.2. Describe as características das partículas subatómicas básicas e a súa localización no átomo. FQB2.1.3. Relaciona a notación A_ZX co número atómico e o número máxico, determinando o número de cada tipo de partículas subatómicas básicas.
B2.2. Analizar a utilidade científica e tecnolóxica dos isótopos radioactivos.	FQB2.2.1. Explica en que consiste un isótopo e comenta aplicacións dos isótopos radioactivos, a problemática dos residuos orixinados e as solucións para a súa xestión.
B2.3. Interpretar a ordenación dos elementos na táboa periódica e recoñecer os máis relevantes a partir dos seus símbolos.	FQB2.3.1. Xustifica a actual ordenación dos elementos en grupos e períodos na táboa periódica. FQB2.3.2. Relaciona as principais propiedades de metais, non metais e gases nobres coa súa posición na táboa periódica e coa súa tendencia a formar ións, tomando como referencia o gas nobre máis próximo.
B2.4. Describir como se unen os átomos para formar estruturas máis complexas e explicar as propiedades das agrupacións resultantes.	FQB2.4.1. Explica o proceso de formación dun ión a partir do átomo correspondente, utilizando a notación adecuada para a súa representación. FQB2.4.2. Explica como algúns átomos tenden a agruparse para formar moléculas interpretando este feito en substancias de uso frecuente, e calcula as súas masas moleculares.
B2.5. Diferenciar entre átomos e moléculas, e entre elementos e compostos en substancias de uso frecuente e coñecido.	FQB2.5.1. Recoñece os átomos e as moléculas que compoñen substancias de uso frecuente, e clasifícaaas en elementos ou compostos, baseándose na súa fórmula química.
B2.6. Formular e nomear compostos binarios seguindo as normas IUPAC.	FQB2.6.1. Utiliza a linguaxe química para nomear e formular compostos binarios seguindo as normas IUPAC.
B3.1. Describir a nivel molecular o proceso polo que os reactivos se transforman en produtos, en termos da teoría de colisións.	FQB3.1.1. Representa e interpreta unha reacción química a partir da teoría atómico-molecular e a teoría de colisións.
B3.2. Deducir a lei de conservación da masa e recoñecer reactivos e produtos a través de experiencias sinxelas no laboratorio ou de simulacións dixitais.	FQB3.2.1. Recoñece os reactivos e os produtos a partir da representación de reaccións químicas sinxelas, e comproba experimentalmente que se cumpre a lei de conservación da masa.

	FQB3.2.2. Realiza os cálculos estequiométricos necesarios para a verificación da lei de conservación da masa en reaccións químicas sinxelas.
B3.3. Comprobar mediante experiencias sinxelas de laboratorio a influencia de determinados factores na velocidade das reaccións químicas.	FQB3.3.2. Interpreta situacións cotiás en que a temperatura inflúa significativamente na velocidade da reacción.
B3.4. Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no ambiente.	FQB3.4.1. Describe o impacto ambiental do dióxido de carbono, os óxidos de xofre, os óxidos de nitróxeno e os CFC e outros gases de efecto invernadoiro, en relación cos problemas ambientais de ámbito global.
	FQB3.4.2. Defende razoadamente a influencia que o desenvolvemento da industria química tivo no progreso da sociedade, a partir de fontes científicas de distinta procedencia.

Os seguintes contidos poderán ser vistos de xeito voluntario como ampliación no terceiro trimestre si as circunstancias o permiten e sempre de xeito voluntario por parte do alumnado. Só serán tidos en conta para unha posible mellora da calificación.

Estándares de aprendizaxe e competencias de ampliación	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B4.1. Coñecer os tipos de cargas eléctricas, o seu papel na constitución da materia e as características das forzas que se manifestan entre elas.	FQB4.1.1. Explica a relación entre as cargas eléctricas e a constitución da materia, e asocia a carga eléctrica dos corpos cun exceso ou defecto de electróns. FQB4.1.2. Relaciona cualitativamente a forza eléctrica que existe entre dous corpos coa súa carga e a distancia que os separa, e establece analogías e diferenzas entre as forzas gravitatoria e eléctrica.
B4.2. Interpretar fenómenos eléctricos mediante o modelo de carga eléctrica e valorar a importancia da electricidade na vida cotiá.	FQB4.2.1. Xustifica razoadamente situacións cotiás nas que se poñan de manifesto fenómenos relacionados coa electricidade estática.
B4.3. Xustificar cualitativamente fenómenos magnéticos e valorar a contribución	FQB4.3.1. Recoñece fenómenos magnéticos identificando o imán como fonte natural do magnetismo, e describe a súa acción sobre distintos tipos de substancias

do magnetismo no desenvolvemento tecnolóxico.	magnéticas.
B4.4. Comparar os tipos de imáns, analizar o seu comportamento e deducir mediante experiencias as características das forzas magnéticas postas de manifesto, así como a súa relación coa corrente eléctrica.	FQB4.3.2. Constrúe un compás elemental para localizar o norte empregando o campo magnético terrestre, e describe o procedemento seguido para facelo. FQB4.4.1. Comproba e establece a relación entre o paso de corrente eléctrica e o magnetismo, construíndo un electroimán. FQB4.4.2. Reproduce os experimentos de Oersted e de Faraday no laboratorio ou mediante simuladores virtuais, deducindo que a electricidade e o magnetismo son dúas manifestacións dun mesmo fenómeno.
B4.5. Recoñecer as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas.	FQB4.5.1. Realiza un informe, empregando as TIC, a partir de observacións ou busca guiada de información que relacione as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas.
B5.1. Identificar e comparar as fontes de enerxía empregadas na vida diaria nun contexto global que implique aspectos económicos e ambientais.	FQB5.1.1. Compara as principais fontes de enerxía de consumo humano a partir da distribución xeográfica dos seus recursos e os efectos ambientais. FQB5.1.2. Analiza o predominio das fontes de enerxía convencionais fronte ás alternativas, e argumenta os motivos polos que estas últimas aínda non están suficientemente explotadas.
B5.2. Valorar a importancia de realizar un consumo responsable das fontes enerxéticas.	FQB5.2.1. Interpreta datos comparativos sobre a evolución do consumo de enerxía mundial, e propón medidas que poidan contribuír ao aforro individual e colectivo.
B5.3. Explicar o fenómeno físico da corrente eléctrica e interpretar o significado das magnitudes de intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, así como as relacións entre elas.	FQB5.3.1. Explica a corrente eléctrica como cargas en movemento a través dun condutor. FQB5.3.2. Comprende o significado das magnitudes eléctricas de intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, e relaciónaas entre si empregando a lei de Ohm. FQB5.3.3. Distingue entre condutores e illantes, e recoñece os principais materiais usados como tales.

<p>B5.4. Comprobar os efectos da electricidade e as relacións entre as magnitudes eléctricas mediante o deseño e a construción de circuitos eléctricos e electrónicos sinxelos, no laboratorio ou mediante aplicacións virtuais interactivas.</p>	<p>FQB5.4.1. Describe o fundamento dunha máquina eléctrica na que a electricidade se transforma en movemento, luz, son, calor, etc., mediante exemplos da vida cotiá, e identifica os seus elementos principais.</p> <p>FQB5.4.2. Constrúe circuitos eléctricos con diferentes tipos de conexións entre os seus elementos, deducindo de forma experimental as consecuencias da conexión de xeradores e receptores en serie ou en paralelo.</p> <p>FQB5.4.3. Aplica a lei de Ohm a circuitos sinxelos para calcular unha das magnitudes involucradas a partir das outras dúas, e expresa o resultado en unidades do Sistema Internacional.</p> <p>FQB5.4.4. Utiliza aplicacións virtuais interactivas para simular circuitos e medir as magnitudes eléctricas.</p>
<p>B5.5. Valorar a importancia dos circuitos eléctricos e electrónicos nas instalacións eléctricas e instrumentos de uso cotián, describir a súa función básica e identificar os seus compoñentes.</p>	<p>FQB5.5.1. Asocia os elementos principais que forman a instalación eléctrica típica dunha vivenda cos compoñentes básicos dun circuito eléctrico.</p> <p>FQB5.5.2. Comprende o significado dos símbolos e das abreviaturas que aparecen nas etiquetas de dispositivos eléctricos.</p> <p>FQB5.5.3. Identifica e representa os compoñentes máis habituais nun circuito eléctrico (condutores, xeradores, receptores e elementos de control) e describe a súa correspondente función.</p> <p>FQB5.5.4. Recoñece os compoñentes electrónicos básicos e describe as súas aplicacións prácticas e a repercusión da miniaturización do microchip no tamaño e no prezo dos dispositivos.</p>
<p>B5.6. Describir a forma en que se xera a electricidade nos distintos tipos de centrais eléctricas, así como o seu transporte aos lugares de consumo.</p>	<p>FQB5.6.1. Describe o proceso polo que distintas fontes de enerxía se transforman en enerxía eléctrica nas centrais eléctricas, así como os métodos de transporte e almacén desta.</p>

2. Avaliación e cualificación

<p style="text-align: center;">Avaliación de alumnado con calificación positiva nos dous primeiros trimestres</p>	<p><u>Procedementos:</u> Os procedementos de avaliación para os dous primeiros trimestres son os recollidos nas respectivas programacións didácticas e aplicados ata a finalización do 2º trimestre (13 de marzo). Para o alumnado cos dous primeiros trimestres superados proporáanse no terceiro trimestre actividades de reforzo, recuperación, repaso e ampliación. Os procedementos de avaliación basearáanse en actividades realizadas e entregadas de xeito telemático como resposta a cuestións; realización de resumos, esquemas, e actividades de síntese; resolución de exercicios e problemas e lecturas comprensivas sobre a materia. Na actualidade todo o alumnado de secundaria mostrou conectividade e capacidade de recepción de tarefas a través da plataforma de ensinanza utilizada polo centro. (Esemtia School).</p>
	<p><u>Instrumentos:</u> Os instrumentos de avaliación para os dous primeiros trimestres son os recollidos nas respectivas programacións didácticas e aplicados ata a finalización do 2º trimestre (13 de marzo). Para a avaliación das tarefas realizadas a partir desa data utilizaranse como instrumentos de avaliación para as tarefas telemáticas a entrega dentro da data proposta da actividade proposta (proporáanse actividades de xeito semanal para todas as materias cun prazo de entrega dunha semana); a correcta realización e presentación das actividades realizadas; a correcta expresión dos resultados e unidades de medida de ser o caso; a correcta expresión da linguaxe utilizada; a variedade e adecuación do léxico relativo á materia; a evolución persoal do alumno respecto aos trimestres anteriores; a autocorrección e detección de erros propios na posterior corrección unha vez recibida a solución da actividade; o seu sentido crítico e percepción do propio proceso de aprendizaxe a través das súas correccións e dos contactos telemáticos co profesorado. Hai un moi baixo número de alumnos que, pese a estar recibindo as actividades pola plataforma do centro, amosa dificultades para o envío periódico das actividades que vai realizando. Neste caso faise un seguimento semanal da realización das tarefas por parte do alumno pero sen recepción das mesmas, de xeito que se activará a entrega, recollida ou envío desas tarefas no mes de xuño para poder facer un diagnóstico de aprendizaxe a través dos instrumentos establecidos.</p>
<p style="text-align: center;">Cualificación final do alumnado con calificación positiva nos dous primeiros trimestres.</p>	<p><u>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</u> A calificación final obterase como media aritmética da calificación obtida nos dous primeiros trimestres podendo ser mellorada nun 15% a través da realización das actividades propostas ao longo do terceiro trimestre. En ningún caso a calificación final será inferior á media aritmética obtida nos trimestres anteriores.</p>

Avaliación de alumnado con calificación negativa nos trimestres anteriores.	<p><u>Procedementos:</u> Proporáanse no terceiro trimestre actividades de reforzo, recuperación, repaso e ampliación que abarcarán os contidos vistos ao longo do curso baseándose nos obxectivos mínimos e nas competencias básicas de etapa. Os procedementos de avaliación basearíanse en actividades realizadas e entregadas de xeito telemático como resposta a cuestións; realización de resumos, esquemas, e actividades de síntese; resolución de exercicios e problemas e lecturas comprensivas sobre a materia. Na actualidade todo o alumnado de secundaria mostrou conectividade e capacidade de recepción de tarefas a través da plataforma de ensinanza utilizada polo centro. (Esemtia School).</p>
	<p><u>Instrumentos:</u> Para a avaliación das tarefas realizadas a partir desa data utilizaranse como instrumentos de avaliación para as tarefas telemáticas a entrega dentro da data proposta da actividade proposta (proporáanse actividades de xeito semanal para todas as materias cun prazo de entrega dunha semana); a correcta realización e presentación das actividades realizadas; a correcta expresión dos resultados e unidades de medida de ser o caso; a correcta expresión da linguaxe utilizada; a variedade e adecuación do léxico relativo á materia; a evolución persoal do alumno respecto aos trimestres anteriores; a autocorrección e detección de erros propios na posterior corrección unha vez recibida a solución da actividade; o seu sentido crítico e percepción do propio proceso de aprendizaxe a través das súas correccións e dos contactos telemáticos co profesorado. Hai un moi baixo número de alumnos que, pese a estar recibindo as actividades pola plataforma do centro, amosa dificultades para o envío periódico das actividades que vai realizando. Neste caso faise un seguimento semanal da realización das tarefas por parte do alumno pero sen recepción das mesmas, de xeito que se activará a entrega, recollida ou envío desas tarefas no mes de xuño para poder facer un diagnóstico de aprendizaxe a través dos instrumentos establecidos.</p>
Cualificación final do alumnado con calificación negativa nos trimestres anteriores.	<p>No caso do alumnado con calificación negativa nos trimestres anteriores, a súa calificación final non superará o 6. Esta calificación estará baseada nas tarefas realizadas ao longo do terceiro trimestre por vía telemática e nos criterios de avaliación especificados no apartado 1 cos instrumentos de avaliación propostos xa neste mesmo apartado.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Entrega en prazo. (10%) - Correcta realización e presentación. (20%) - Expresión dos resultados. (20%) - Utilización correcta da linguaxe. (10%) - Variedade e adecuación do léxico relativo á materia. (10%) - Evolución persoal do alumno respecto aos trimestres anteriores.(10%) - Autocorrección. (10%) - Sentido crítico e percepción do propio proceso de aprendizaxe. (10%) <p>No caso de alumnos que transmitisen a súa imposibilidade de envío telemático de tarefas, non se terá en conta o criterio de prazo de</p>

	entrega, obtendo a calificación final por ponderación do resto de instrumentos de avaliación.
Proba extraordinaria de setembro	Aqueles alumnos que non logren superar os mínimos propostos para unha ou varias materias serán avaliados en setembro a través dunha proba presencial na que se avaliarán os criterios e estándares especificados no apartado 1 baseándose nas actividades de reforzo, recuperación e repaso que se traballaron ao longo do terceiro trimestre. No caso de que as condicións sanitarias no permitan a presencialidade da proba, esta será proposta por vía telemática a través da plataforma do centro.
Alumnado con materias pendentes de cursos anteriores.	<u>Criterios de avaliación:</u> Para os alumnos con materias pendentes de cursos anteriores, aplícaranse os mesmos criterios de avaliación que para os alumnos que cursan esa materia de maneira ordinaria tendo en conta o seu plan específico de recuperación.
	<u>Criterios de cualificación:</u> A cualificación será obtida baixo os mesmos criterios que para o resto do alumnado, tendo tamén en consideración o plan específico de recuperación de cada alumno.
	<u>Procedementos e instrumentos de avaliación:</u> O alumnado con materias pendentes de cursos anteriores será avaliado tendo en conta os mesmos procedementos e instrumentos de avaliación que o alumnado que cursa a materia de xeito ordinario pero facendo as tarefas de recuperación, repaso e reforzo para recuperar os dous primeiros trimestres.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Resposta a cuestións; realización de resumos, esquemas, e actividades de síntese; resolución de exercicios e problemas e lecturas comprensivas sobre a materia, visionado de vídeos, realización de presentacións interactivas.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Posto que todo o alumnado do centro mostrou conectividade, todos seguirán a mesma metodoloxía, coa única excepción da vía de entrega das tarefas pois nalgún caso excepcional, non teñen posibilidade de entrega telemática aínda que sí de recepción.

	A metodoloxía basearase na recepción do material educativo a través da plataforma educativa do centro (Esemtia School) e a conexión co profesorado a través das aulas virtuais da mesma plataforma. Buscarase a aprendizaxe autónoma do alumnado co seguimento periódico do profesorado.
Materiais e recursos	O principal recurso será a plataforma educativa do centro, ademais de recursos de elaboración propia por parte do profesorado. En 3º e 4º ESO os libros de texto serán utilizados como apoio polo alumnado que dispón dos recursos dixitais das correspondentes editoriais (plataforma “sm educamos” por exemplo), ademais da utilización de recursos propios.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O alumnado será informado a través da plataforma Esemtia School á que todos tiveron xa acceso. As familias a través do correo desta mesma plataforma.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: VIRXE MILAGROSA
CURSO:3º ESO
MATERIA:Lingua castelá e literatura.
DEPARTAMENTO: Linguas.
DATA:15/05/20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 8	CENTRO: VIRXE MILAGROSA CURSO: 3º ESO MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA
--	---------------	--

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 3º ESO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Aplicar estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB2.1.1. Pon en práctica diferentes estratexias de lectura en función do obxectivo e o tipo de texto. ▪ LCLB2.1.2. Fai inferencias e hipóteses sobre o sentido dunha frase ou dun texto que conteña matices semánticos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB2.2.2. Recoñece e expresa o tema e a intención comunicativa de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados identificando a tipoloxía textual seleccionada, as marcas lingüísticas e a organización do contido.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB2.4.1. Utiliza de forma autónoma diversas fontes de información, e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6 Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB2.6.1. Escribe textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso. ▪ LCLB2.6.3. Resume textos, globalizando a información e integrándoa en oracións que se relacionan lxicamente e semánticamente.
Bloque 3. Coñecemento da lingua.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos , e para a composición e a revisión dos textos propios e alleos, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos. ▪ LCLB3.1.2. Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos..
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Recoñecer e analizar a estrutura das palabras pertencentes ás diversas categorías gramaticais, distinguindo as flexivas das non flexivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB3.2.1. Recoñece e explica os elementos constitutivos da palabra (raíz e afixos). ▪ LCLB3.2.2. Explica os procedementos de formación de palabras, distinguindo as compostas, as derivadas, as siglas e os acrónimos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Observar, recoñecer e explicar os usos dos grupos nominais, adxectivais, verbais, preposicionais e adverbais dentro do marco da oración simple. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB3.3.1. Identifica os grupos de palabras en frases e textos, diferenciando a palabra nuclear do resto de palabras que o forman, e explica o seu funcionamento no marco da

	<p>oración simple</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB3.3.2. Recoñece e explica nos textos o funcionamento sintáctico do verbo a partir do seu significado, distinguindo os grupos de palabras que poden funcionar como complementos verbais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Recoñecer, usar e explicar os elementos constitutivos da oración simple. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB3.4.1. Recoñece e explica nos textos os elementos constitutivos da oración simple, diferenciando suxeito e predicado e interpretando a presenza ou a ausencia do suxeito como unha marca da actitude, obxectiva ou subxectiva, do emisor. ▪ LCLB3.4.2. Transforma oracións activas en pasivas e viceversa, e explica os papeis semánticos do suxeito (axente, paciente e causa).
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB3.5.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), valorando a súa función na organización do contido do texto.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Interpretar adecuadamente os discursos tendo en conta os elementos lingüísticos, as relacións gramaticais e léxicas, a estrutura e a disposición dos contidos en función da intención comunicativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB3.7.1. Recoñece a coherencia dun discurso atendendo á intención comunicativa do emisor, identificando a estrutura e a disposición de contidos. ▪ LCLB3.7.2. Identifica estruturas textuais (narración, descrición, explicación e diálogo).
<p>Bloque 5. Educación literaria.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Ler fragmentos da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás súas afeccións, amosando interese pola lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB4.1.1. Valora os textos lidos, resumindo o contido, explicando os aspectos que máis chamaron a súa atención e o que a lectura lle achegou como experiencia persoal.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Comprender textos literarios representativos da literatura da Idade Media ao Século de XVII recoñecendo a intención do/da autor/a, relacionando o seu contido e a súa forma cos contextos socioculturais e literarios da época, identificando o tema e recoñecendo a evolución dalgúns tópicos e formas literarias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB4.5.1. Le e comprende textos literarios representativos da literatura da Idade Media ao Século XVII, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria. ▪ LCLB4.5.2. Expresa a relación entre o contido da obra, a intención do/da autor/a e o contexto, e o mantemento de temas e formas, emitindo xuízos persoais razoados.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación de alumnado con calificación positiva nos dous primeiros trimestres	<p><u>Procedementos:</u> Os procedementos de avaliación para os dous primeiros trimestres son os recollidos nas respectivas programacións didácticas e aplicados ata a finalización do 2º trimestre (13 de marzo).</p> <p>Para o alumnado cos dous primeiros trimestres superados proporanse no terceiro trimestre actividades de reforzo, recuperación, repaso e ampliación. Os procedementos de avaliación basearanse en actividades realizadas e entregadas de xeito telemático. Na actualidade todo o alumnado de secundaria mostrou conectividade e capacidade de recepción de tarefas a través da plataforma de ensinanza posta a disposición do alumnado polo centro (Esemtia School) e da plataforma que xa existía para as familias (Esemtia familias).</p>
	<p><u>Instrumentos:</u> Os instrumentos de avaliación para os dous primeiros trimestres son os recollidos nas respectivas programacións didácticas e aplicados ata a finalización do 2º trimestre (13 de marzo).</p> <p>Para a avaliación das tarefas realizadas a partir desa data utilizaranse como instrumentos de avaliación para as tarefas telemáticas a entrega dentro da data indicada das actividades propostas (propóñense actividades de xeito semanal cun prazo de entrega dunha semana); a correcta realización e presentación das actividades ; a autocorrección e detección de erros propios na posterior corrección unha vez recibida a solución da actividade e a evolución persoal do alumno respecto aos trimestres anteriores.</p> <p>Hai un moi baixo número de alumnos que, pese a estar recibindo as actividades pola plataforma do centro, amosa dificultades para o envío periódico das actividades que vai realizando. Neste caso faise un seguimento semanal da realización das tarefas por parte do alumnado pero sen recepción das mesmas, de xeito que se activará a entrega, recollida ou envío desas tarefas no mes de xuño para poder facer un diagnóstico de aprendizaxe a través dos instrumentos establecidos.</p>
Cualificación final do alumnado con calificación positiva nos dous primeiros trimestres.	<p><u>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</u> A cualificación final obterase como media aritmética da cualificación obtida nos dous primeiros trimestres podendo ser mellorada nun 15% a través da realización das actividades propostas ao longo do terceiro trimestre.</p> <p>En ningún caso a cualificación final será inferior á media aritmética obtida nos trimestres anteriores.</p>
Avaliación de alumnado con calificación negativa nos trimestres anteriores.	<p><u>Procedementos:</u> Proporanse no terceiro trimestre actividades de reforzo, recuperación e repaso relativas aos contidos vistos durante o 1º e 2º trimestre baseándose nos obxectivos mínimos e nas competencias básicas de etapa.</p> <p>Os procedementos de avaliación basearanse en actividades realizadas e entregadas de xeito telemático.</p> <p>Na actualidade todo o alumnado de secundaria mostrou conectividade e capacidade de recepción de tarefas a través da da plataforma de ensinanza posta a disposición do alumnado polo centro (Esemtia School) e da plataforma que xa existía para as familias (Esemtia familias)</p>
	<p><u>Instrumentos:</u> Para a avaliación das tarefas realizadas a partir desa data utilizaranse como instrumentos de avaliación para as tarefas telemáticas a entrega dentro da data indicada das actividades propostas (propóñense actividades de xeito semanal cun prazo de entrega dunha semana); a correcta realización e presentación das actividades ; a autocorrección e detección de erros propios na posterior corrección unha vez recibida a solución da</p>

	<p>actividade e a evolución persoal do alumno respecto aos trimestres anteriores.</p> <p>Hai un moi baixo número de alumnos que, pese a estar recibindo as actividades pola plataforma do centro, amosa dificultades para o envío periódico das actividades que vai realizando. Neste caso faise un seguimento semanal da realización das tarefas por parte do alumnado pero sen recepción das mesmas, de xeito que se activará a entrega, recollida ou envío desas tarefas no mes de xuño para poder facer un diagnóstico de aprendizaxe a través dos instrumentos establecidos.</p>
Cualificación final do alumnado con calificación negativa nos trimestres anteriores.	<p>No caso do alumnado con cualificación negativa nos trimestres anteriores, a súa cualificación final estará baseada nas tarefas realizadas ao longo do terceiro trimestre por vía telemática e nos criterios de avaliación especificados no apartado 1 cos instrumentos de avaliación propostos xa neste mesmo apartado.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Entrega en prazo. (20%) - Correcta realización e presentación. (40%) - Autocorrección. (20%) - Evolución persoal do alumno respecto aos trimestres anteriores.(20%) <p>No caso do alumnado que tivo dificultade para o envío telemático de tarefas, non se terá en conta o criterio de prazo de entrega, obtendo a cualificación final por ponderación do resto de instrumentos de avaliación.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>O alumnado que non acade unha cualificación mínima de 5 na convocatoria ordinaria de xuño realizará na convocatoria extraordinaria de setembro unha proba presencial na que se avaliarán os criterios e estándares especificados no apartado 1 baseándose nas actividades de reforzo, recuperación e repaso que se traballaron ao longo do terceiro trimestre.</p> <p>No caso de que a situación sanitaria non permita a presencialidade da proba, esta será proposta por vía telemática a través da plataforma do centro.</p>
Alumnado con materias pendentes de cursos anteriores.	<p><u>Criterios de avaliación:</u></p> <p>Para o alumnado coa materia pendente de cursos anteriores aplicarase o establecido na programación do curso 2019-20 no que respecta ao grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe.</p>
	<p><u>Criterios de cualificación:</u></p> <p>Elaboración correcta de tarefas de repaso e a súa entrega seguindo o calendario Establecido.</p>
	<p><u>Procedementos e instrumentos de avaliación:</u></p> <p>Os procedementos de avaliación basearanse na realización de actividades de repaso . Utilizaranse como instrumentos de avaliación a entrega dentro da data indicada das actividades propostas e a correcta realización e presentación das mesmas.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
